



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 04 DE MAIO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:10 horas do día 04 de maio de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 02-05-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Secundino Otero Failde. (asiste ao apartado 5 a))

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 29-04-2016

Apróbase o contido da acta da Mesa de contratación celebrada o 29-04-2016.

2.--Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo.(expediente 11483-306).

Faise entrega do informe emitido polo xefe do servizo de Medio Ambiente de 29-04-2016 de valoración da proposta económica e clasificación das ofertas presentadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:12	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAB47-EF2HA5-A93H5A-4T6HX1-8BYHNP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Faise entrega do informe emitido polo xefe de Area de Servizos Xerais de 28-04-2016 de valoración da proposta económica e clasificación das ofertas presentadas.

3-Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo.(expediente 11483-306).

Acéptase o informe emitido polo xefe do servizo de Medio Ambiente de 29-04-2016 de valoración da proposta económica e clasificación das ofertas presentadas.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Acéptase o informe emitido polo xefe de Area de Servizos Xerais de 28-04-2016 de valoración da proposta económica e clasificación das ofertas presentadas. A mesa engade a puntuación sinalada no informe do xefe de Area de servizos Xerais visto nesta sesión a outorgada para os criterios de valoración evaluables mediante xuízo de valor.

4.- Incidencias.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de control de acceso dos usuarios, mantemento básico limpeza e apertura e peche das instalacións das pistas municipais de Balaídos.(expediente 14569-333). Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

A mesa por unanimidade e a vista do informe do xefe do servizo de Deportes de 29-04-2016 acorda iniciar o procedemento para que o licitador ARTELLAR 2000, S.L. xustifique a súa oferta non contén valores anormais ou desproporcionados.

5.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo.(expediente 11483-306).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

” Primeiro: *tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 20 de abril de 2016 de "excluir da licitación a proposta*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:12	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAB47-EF2HA5-A93H5A-4T6HX1-8BYHNP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

presentada pola mercantil AP 10, S.L. xa que non declarou solvencia económica suficiente para executar o o contrato

“Segundo.- - Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento **aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areais do concello de Vigo.(expediente 11483-306).**” no seguinte orde decrecente:

CLASIFICACIÓN	EMPRESA	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE XUÍZO DE VALOR	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FORMULA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	EMSEBUR, S.L.	6	82,13	88,13
2ª	INTUR ESPORT, S.L.	0,75	77	77,75
3ª	CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	9	67,24	76,24

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.



- A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 760,86 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“ Primeiro: *tomar razón dos acordos da Mesa de Contratación, polos que se excluiron as ofertas presentadas por El Corte Inglés, S.A., para o lote 1, 2, e 4 , Peycar Pontevedra S.L. par os lotes 2, 3, 4 e 5 e Costa Oeste del Atántico, S.L., para os lotes 1, 2, e 3 por non cumprir as prendas ofertadas as características esixidas nos pregos e na lexislación vixente.*

Segundo: Declarar desertos os lotes 2 e 3 por que as prendas ofertadas non cumpren as características esixidas no prego de prescripcóns técnicas.

“Terceiro- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no **Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).**” no seguinte orde decrecente para cada un dos lotes:

Lote 1: Peycar Pontevedra, S.L.: 100 puntos.

Lote 4: Costa Oeste del Atántico S.L.: 96 puntos.

Lote 5: Costa Oeste del Atántico S.L.: 99 puntos.

Cuarto.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes Peycar Pontevedra, S.L.e Costa Oeste del Atántico S.L, para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 13:12	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAB47-EF2HA5-A93H5A-4T6HX1-8BYHNP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- *Requirir a aboamento de 252,59 a Peycar Pontevedra, S.L. e 505,17 euros a Costa Oeste del Atántico S.L. en concepto de custe dos anuncios de licitación".*

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:25 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén

